

# LONGA RUTA DE PEDRA (e de auga)

CES\*

Algo así podería exclamar Celso Emilio Ferreiro ao visitar a Ruta da Pedra e da Auga, descrita na edición 64 de CERNA (primavera deste ano), na que se ve ao Presidente da Deputación de Pontevedra e ao Alcalde de Cambados, xunto con centos de persoas, nunha desas multitudinarias excursións que tanto gustan a boa parte dos nosos próceres. A ruta, que discorre a carón do río Armenteira (afluente do Umia) entre Ribadumia e Meis, foi "rehabilitada" desafortunadamente pola Deputación de Pontevedra, como quere deixar patente a través deste artigo o Colectivo Ecoloxista do Salnés (CES).

## AMORES QUE MATAN

Porque mortal é, en efecto, para os medios fluvial e costeiro a moda de convertelos nun paseo urbano. Coa premisa (ou o pretexto) de garantir a accesibilidade a calquera persoa, córtase a vexetación autóctona, mutilanse bosques de ribeira, altéranse as marxes dos ríos e artificialízanse por completo. O CES non está contra a accesibilidade, senón contra a súa interpretación perversa. Mentres aínda hai abondosos exemplos de edificios públicos aos que non se pode acceder nunha cadeira de rodas, a tan cacarexada *accesibilidade* serve de coartada para alterar algúns contornos que, nalgúns casos, non é que deban ser privados da visita de persoas con mobilidade reducida, senón da mera presenza humana. Tal é o caso das áreas de cría da lontra no Umia, criterio desgraciadamente non compartido por algún enxeñeiro da Deputación.

## O MENÚ DA ALTERACIÓN DO RÍO

No caso da ruta do río da Armenteira, as actuacións realizadas pola Deputación de Pontevedra na parte alta do mesmo (nas proximidades do mosteiro co mesmo nome) xa foron denunciadas hai máis de dous anos polo CES ante Augas de Galicia e a propia institución provincial, por:

- Destrucción da vexetación do bosque de ribeira do regato. Corte total da vexetación herbácea e arbustiva e tala de árbores de ribeira.
- Cuberta de boa parte da vexetación de ribeira baixo unha grossa capa de xabre da pista do paseo, elevando 50 cm o nivel natural do terreo, creando unha barreira para a escorrenta natural das augas ao regato, afectando á dinámica hidrolóxica local e transformando en charcas o que eran praderías e fincas de cultivo.
- Erosión e desprendementos desta pista de xabre, facendo que o curso do río sufra achegas de grava e area e modificando o ambiente e as condicións físicas do regato.

CES



Corte indiscriminado da vexetación de ribeira.

CES



Pista de xabre en plena marxe do río.

Así se cocina a desfeita ambiental dos nosos ríos e regatos. De *entrante* deseñamos os percorridos sen inventariar a riqueza natural, nin sinalar áreas sensibles. Como *prato forte*, mutilamos o bosque de ribeira e arrasamos o mato ribeirán, todo regado con xenerosas capas de xabre. Xa de *sobremesa*, unha sinfonía de sabores artificiais con notas de farois, bancos, papeleiras e paneis cromados que dan un inconfundíbel toque de pastiche á macedonia.

Esta terrible gastronomía non só se serve en Meis e Ribadumia. Outro dos

exemplos máis dramáticos é o contorno do río Barosa, en Barro, que tamén está a ser "cociñado" deste xeito, ao módico prezo de 750.000 euros do peto público.

## APARENTANDO ESCOITAR

Ante as queixas do CES, o presidente da Deputación convócanos a unha reunión no propio Umia, para contrastar pareceres e unificar criterios cara a futuras actuacións en paseos fluviais. Porén, logo de facerse a foto co ecoloxismo e limar asperezas, o modelo segue a ser o mesmo, tal e como amosan as recentes actuacións en Barrantes, na que nos volven a servir o menú descrito (tala da vexetación de ribeira, cubertas de xabre, etc).

Desde o CES, defendemos outra visión dos ríos e do seu aproveitamento, desde o seu coñecemento e o respecto aos seus valores e dinámicas, ao tempo que seguiremos denunciando mostras de incompetencia e hipocrísia como as descritas.

\* CES é o Colectivo Ecoloxista do Salnés.  
+ info: [www.ceslanes.wordpress.com](http://www.ceslanes.wordpress.com)  
[cesalnes@yahoo.es](mailto:cesalnes@yahoo.es)